

GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTO I-VIII (VIOLA DA GAMBA)**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTO I-VIII (VIOLA DA GAMBA)										
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO	Viola da gamba	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Individual	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	Música Antiga	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	9	9	9	10	10	10	10	12	Observacións:	
									1,5	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades artísticas, expresivas e técnicas do instrumento, así como dos hábitos de estudo. Coñecemento dos diferentes criterios interpretativos que conduzan á interpretación do repertorio máis representativo con valoración crítica, estilo propio e madurez creativa, así como a súa aplicación práctica na interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requiridos na proba de acceso, e para os cuatrimestres diferentes ao primeiro, os adquiridos no cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T6, T13, T15, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	E11, E12, E14, E15, E16, E10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Adquirir recursos técnicos para abordar con solvencia o repertorio para viola da gamba Interpretar diferentes obras do Renacemento e do Barroco segundo os criterios tomados dos tratados Expresar correctamente o discurso musical atendéndose aos criterios interpretativos historicistas Desenvolver a autonomía interpretativa e a capacidade creativa Coñecer os diferentes métodos de notación en tabulatura Analizar as obras a interpretar Desenvolver a capacidade de transmitir coñecementos	TODAS



4. CONTIDOS	
Técnica	Mellora do son, ampliación do rango dinámico, da resonancia, da proxección y da emisión de armónicos Estudo dos golpes de arco complexos como o <i>spicatto</i> o saltillo Desenvolvemento das posibilidades de articulación e fraseado Traballo para adquirir destreza na mano esquerda a través de exercicios específicos e pasaxes concretos de obras Técnicas de relaxación, control postural e respiración
Estilo	Lectura e estudo das fontes específicas máis relevantes Comprensión dos diferentes criterios interpretativos nas diferentes épocas en cuanto ao fraseo, a articulación, a forma musical, o tempo, a dinámica, a agónica, a retórica, os recursos tímbricos e sonoros do instrumento Traballo sobre os ornamentos propios de cada época
Interpretación	Traballo sobre un programa musical con obras axeitadas ao curso que se interpretará ao final do curso en formato concerto Desenvolvemento da capacidade artística e dos medios de expresión co instrumento Mellora da capacidade de concentración, do control da tensión física e da respiración Traballo para mellorar a capacidade interpretativa nas actuacións públicas
Audicións	Participación nas audicións organizadas polo departamento, nas audicións internas da clase e nos concertos finais do curso Emprego da tensión propia da exposición ao público para mellorar as habilidades interpretativas e de comunicación Desenvolvemento do espírito crítico e da crítica construtiva na autoavaliación e na avaliación dos demais.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN		
ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases de técnica e interpretación	Presencial	Semanal
Práctica individual/Estudo persoal	No presencial	Diaria
Concertos e audicións públicos	Presencial	Bimensual
Concerto- recital fin de curso	Presencial	Anual
Conferencias	Presencial	Cuadrimestral
Exames de técnica	Presencial	Mensual
Vortragsabend (audicións internas)	Presencial	Bimensual
Tutorías	Presencial	Semanal
Lecturas colectivas o visualización de vídeos	Presencial	Bimensual

6. AVALIACIÓN
<p>A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria</p> <p>AVALIACIÓN ORDINARIA 1. Avaliación CONTINUA Traballo persoal: ponderará un 50% da cualificación final. Valorarase a progresión na mellora do alumno, a capacidade de traballo, e o desenvolvemento na capacidade crítica e na autonomía do alumno Audicións e concertos: serán un 50% da nota final. Valorarase o dominio técnico nas obras a interpretar, a capacidade artística e comunicativa, o coñecemento e posta en práctica do estilo interpretativo</p> <p>2. AVALIACIÓN ALTERNATIVA No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas (3 o máis ao semestre), segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente</p> <p>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA Consistirá nunha proba práctica, interpretando un repertorio da dificultade adecuada ao nivel amosando control técnico, coñecemento das práctica interpretativas e estilísticas propias de cada época, unha capacidade artística e comunicativa adecuada e unha autonomía na capacidade interpretativa. *Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestre da disciplina</p>